

**O USO DO GALEGO NAS ORGANIZACIÓNS NON  
GOVERNAMENTAIS PARA O DESENVOLVEMENTO  
(ONGDS)  
ASENTADAS EN GALICIA**



Este informe foi elaborado polo Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional –IGADI- en colaboración con Xesús Domínguez Dono, profesor do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo.

## ÍNDICE

	Pág.
1. Introducción.....	3
1.1. Aspectos xerais.....	3
1.2. Obxectivos.....	5
2. Materiais e métodos.....	6
2.1. Obxecto de estudo.....	6
2.2. Aspectos metodolóxicos.....	8
3. Análise dos resultados.....	11
4. Conclusións.....	35
5. Anexos.....	39
6. Bibliografía.....	44

# 1. INTRODUCCIÓN

## 1.1. Aspectos xerais

As Organizacións Non Governamentais para o Desenvolvemento (ONGD) nacen despois da II Guerra Mundial en estreita relación co proceso de descolonización que se deu tras esta data, e a partir da cal as primeiras ONGD comezaron a enviar axuda aos países do Sur á vez que as políticas de axuda oficial principiaron nalgúns dos Estados ricos.

Tras a década de 1990 comeza o desenvolvemento do sector en España co aumento das ONGD e do voluntariado que as fornece, así como a cooperación solidaria da poboación, do mesmo xeito que comezan a aparecer políticas solidarias nas axendas governamentais. A comezos desta década o sector en Galicia presentaba unha reducida e feble estrutura limitada a organizacións de carácter relixioso e pequenas ONGD laicas con escasa presenza social e circunscritas a núcleos urbanos<sup>1</sup>. Na primeira metade desta década as máis importantes ONGD estatais comezaron a abrir delegacións en Galicia; pero foi na segunda metade do decenio cando comezou o auxe das ONGD na nosa Comunidade cun grande aumento no número de entidades aquí asentadas.

O incremento das ONGD nos últimos anos está estreitamente ligado ao maior grao de sensibilidade social ante problemas de desfavorecemento e descompensación entre sociedades e Estados en todo o mundo. O pulo que estas organizacións tomaron en Galicia a partir de mediados da década de 1990

---

<sup>1</sup> Estes datos, e os que seguen, están tirados do traballo elaborado pola Coordinadora Galega de ONGs para o Desenvolvemento (2007). *Informe cero do sector das ONGDs en Galicia*. Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGs para o Desenvolvemento.

xustificase tamén en relación a accións institucionais, como o aumento dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, así como ás esixencias legais de inscricións no *Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento* da Xunta de Galicia para poder acceder a estes fondos.

No referente ao marco normativo do sistema autonómico, este concretábase en Ordes anuais que regulaban os instrumentos básicos de actuación, pero sen unha carga normativa específica e agrupada. En 2002, a Xunta de Galicia elaborou un Anteproxecto de Lei de Cooperación ao Desenvolvemento coa finalidade de dotar dun marco xurídico unificado a cooperación galega para o desenvolvemento, e en xuño de 2003 foi aprobada a Lei Galega de Cooperación para o Desenvolvemento (Lei 3/2003 de 19 de xullo), na que se regula o obxecto e ámbito de aplicación da Lei e se sinalan fins, obxectivos, principios e prioridades da política de cooperación galega ao desenvolvemento; fíxanse mecanismos de planificación e coordinación; e establécense as institucións e órganos de dirección, xestión e coordinación, entre outras medidas.

En todo este proceso normativo, tivo especial importancia na modernización e actualización da cooperación galega, a aprobación do Proxecto do Plan Director (2006-2009) aprobado polo Parlamento de Galicia o 24 de abril de 2007. Con este Plan Director búscase asentar un compromiso governamental para superar as dificultades de financiamento que afectan a política autonómica, xa que nos últimos quince anos Galicia estivo á cola do nivel estatal en canto ao investimento en cooperación e desenvolvemento. Así, a porcentaxe de recursos destinados a este fin aparece estancado ao redor do 0'07% sobre o total dos orzamentos autonómicos, moi lonxe do 0'24% do gasto consolidado no que se situou a media fornecida polo resto das Comunidades. Isto varía coa implantación do Plan Director, que contempla

que no ano 2009 deberá destinarse a este fin o 0,4% do orzamento, co que os niveis cuantitavos de financiamento sofren un importantísimo pulo, o que, evidentemente fai de polo de atracción para o asentamento e creación de ONGD en Galicia, como parecen indicar os datos de inscricións dos últimos tempos<sup>2</sup>.

A estrutura organizativa da cooperación internacional na Xunta de Galicia, está articulada desde agosto de 2005 pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior, dependente da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores da Consellería de Presidencia, e as organizacións asentadas en Galicia deben estar inscritas no Rexistro Galego de Organizacións non gobernamentais de Cooperación para o Desenvolvemento, creado pola Consellería da Presidencia e Administración Pública en 1994 (Orde do 4 de abril).

## **1.2. Obxectivos**

Neste marco xeral que se vén de expoñer, e ante o aumento cualitativo e cuantitativo de Organizacións que, como se verá máis adiante, está a instalarse en Galicia, preténdese ofrecer, con este traballo, unha visión xeral do uso que da lingua galega se dá nas Organizacións Non Gobernamentais para o Desenvolvemento asentadas en Galicia, tanto desde un punto de vista xeral, como discernindo os datos segundo que as entidades investigadas teñan a súa sede central radicada en Galicia ou fóra de Galicia, para, deste xeito, poder avaliar o grao de compromiso que teñen coa nosa lingua e a nosa Comunidade.

---

<sup>2</sup> Cf. *infra*.

## 2. MATERIAIS E MÉTODOS

### 2.1. Obxecto de estudo

O campo de traballo sobre o que se desenvolverá o estudo é o das ONGD instaladas en Galicia, a partir do *Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento*, no que aparecen inscritas 154 entidades con data de xullo 2007 (ANEXO I), (moitas das cales foron dadas de baixa, aínda que continúan inscritas).


No primeiro cuatrienio (1994-1997) rexistráronse o 38,96% (60 ONGD), para diminuír o número de inscricións no sexenio 1998-2003 (42) cun 27,27%, aínda que no ano 2000 houbo un pequeno repuntamento con 11 inscricións (7,14%). Non obstante, no último cuatrienio, 2004-2007, deuse un forte aumento dos rexistros con 52 novas inscricións, o que o converte no 33,76% do total (debemos considerar que estes datos asígnanse só tendo en conta o primeiro semestre de 2007, o que fai supoñer a posibilidade de máis inscricións ata finais de ano), apreciándose unha media de inscricións anuais de 13 ONGD neste período, fronte á que se deu (11 inscricións anuais) no conxunto dos catorce anos.

Evolución do rexistro de ONGD en Galicia


Anos	ONGD Rexistradas en Galicia	Porcentaxes	% Parciais
<b>1994</b>	19	12,33	(60) 38,96
<b>1995</b>	10	6,49	
<b>1996</b>	16	10,38	
<b>1997</b>	15	9,74	
1998	7	4,54	(42) 27,27
1999	5	3,24	
2000	11	7,14	
2001	5	3,24	
2002	9	5,84	
2003	5	3,24	
<b>2004</b>	10	6,49	(52) 33,76
<b>2005</b>	14	9,09	
<b>2006</b>	12	7,79	
<b>2007</b>	16	10,38%	
<b>TOTAL</b>	154		

Esta media está condicionada polo importante número de inscricións que se deron no primeiro cuatrienio (15,25 de media anual), ao ser o período de implantación do Rexistro, e no que a maioría das ONGD xa estaban instaladas en Galicia e só fixeron cumprir co trámite administrativo da inscrición. Esta tendencia estancouse no sexenio 1998-2003, cunha media 7 inscricións anuais.

**Evolución do número de inscricións**




**Porcentaxe de inscricións**



O asentamento das ONGD en Galicia que responderon ao cuestionario, repártese do seguinte xeito segundo os concellos (entre parénteses indícase o número de ONGD situadas en cada municipio): Abegondo (1), Arzúa (1), Baiona (1), Barreiros (1), Cangas (1), A Coruña (12), O Grove (1), Lugo (3), Monforte (1), Narón (2), Ourense (4), Pontevedra (1), Rianxo (1), Santiago (15), Sanxenxo (1), Vigo (15),

Viveiro (1), do que se aprecia que a maioría están asentadas nas grandes cidades, Vigo, Santiago e A Coruña, que suman o 67,7% do total.

Un dato salientable para a realización desta análise é o lugar en que localiza a sede central. Neste punto eliximos dúas variables, **con sede central en Galicia**, e **con sede central fóra de Galicia**. Así, o 58,1% (36) das ONGD teñen a sede central en Galicia, e o 40,3% (25) fóra dela, (nun dos cuestionarios non se indica a localización da sede central, o que implica o 1,6% das respostas).



## 2.2. Aspectos metodolóxicos

Para lograr os obxectivos propostos preténdese facer un estudo descritivo, a partir dunha investigación realizada mediante un cuestionario de carácter voluntario (ANEXO II), con preguntas de resposta pechada, menos a derradeira, que é de opinión, pero cunhas variables que se fixaron en función das diferentes contestacións, o mesmo que ocorreu na cuestión II.3, na que se computou a posibilidade 5, tras analizar as respostas que se deron, así como de resposta de elección múltiple e unha dicotómica (II.8).

O cuestionario, que consta de dúas partes, das que a I se refire a datos básicos da ONGD, e a II está formada por cuestións referentes ao uso da lingua, foi enviado, partindo dos datos obtidos do *Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento*, con data de xullo de 2007, a todas as ONGD das que se dispuxo dun correo electrónico de contacto, entre o 10 de xullo e o 15 de setembro de 2007. En todos aqueles casos en que as direccións de correo electrónico estaban manifestamente erradas, fóra de servizo ou nos que os correos foron devoltos polo servidor, intentouse poñer en contacto coas organizacións mediante chamadas telefónicas que verificasen as direccións ou proporcionasen unha operativa. Aínda así, das 154 ONGD inscritas oficialmente en xullo de 2007 (no rexistro figura a numeración ata o nº 155, pero falta a referencia nº 82, como se pode ver no ANEXO II), non foi posible contactar con 40, polo que a enquisa só lle foi enviada a 111 organizacións, das cales contestaron, 62, (destas, dúas fixérono telefonicamente, e outras dúas por correo convencional, mentres que as restantes reenviaron o cuestionario por correo electrónico), e 46 non o fixeron, das que 3 contestaron unha vez que o estudo xa estaba pechado.

As vías de obtención das direccións e contactos telefónicos foron, primeiramente, as facilitadas polo *Rexistro Galego*, que se completou coas achegadas pola *Guía de ONGs de Galicia 2007-2008*<sup>3</sup>, así como outras fontes de información atopadas en Internet.

Segundo a Coordinadora Galega de ONGs para o Desenvolvemento, e a partir de datos da *Guía 2007-2008*, compútanse unhas 71 ONGD plenamente

---

<sup>3</sup> Coordinadora Galega de ONGs para o Desenvolvemento (2007). *Guía de ONGs de Galicia 2007-2008*. Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGs para o Desenvolvemento.

operativas (45 integradas na Coordinadora, e 26 non integradas), das que o resto, ou están nun baixo grao de funcionamento, ou ben tan só están inscritas e non teñen actividade ningunha en Galicia. Neste apartado púidose constatar que tamén hai un notable grao de baixas con respecto ás organizacións que figuran no *Rexistro Galego*, que neste aspecto non está actualizado. Tamén se dá a situación de que algunhas entidades están rexistradas, pero non posúen delegación activa en Galicia ou o seu labor é levado desde fóra da Comunidade.

A partir do descrito, pódese considerar que en Galicia existen ao redor dun centenar de ONGD operativas, cun maior ou menor grao de actividade, polo que a resposta ao cuestionario estaría ao redor do 62%, porcentaxe que se pode considerar axeitada para un estudo descritivo deste tipo.

Para o estudo dos datos obtidos empregouse como método estatístico unha análise multivariante mediante un modelo progresivo cara a adiante, procesados co programa Statistical Product and Service Solutions (SPSS 14) para Windows. Para todas as variables do cuestionario elaboráronse táboas de frecuencia relativas, e para os cruzamentos de variables que se consideraron de maior interese, táboas de frecuencia condicionadas, co obxectivo de ver o grao de relación estatística que se daba entre elas.

### 3. ANÁLISE DOS RESULTADOS

En primeiro lugar analizaranse os resultados de cada unha das preguntas do cuestionario, para logo facer algúns cruzamentos que dean unha visión de conxunto da situación do uso do galego dentro das ONGD de Galicia.

Con respecto á pregunta II.1, **¿Que idioma utiliza habitualmente nas súas actividades?**, o 19,4% (12) das ONGD afirma empregar só o galego, o 30,6% (19) máis galego ca castelán, o 38,7% (24), máis castelán ca galego, e un 11,3% (7) só castelán. Neste caso, as tendencias cara ao uso do galego serían a suma da variable 1 e 2, cunha porcentaxe do 50%, o mesmo que as das variables 2 e 3 tendente ao castelán.

**(II.1) Idioma habitual nas actividades**

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Só galego	12	19,4	19,4	19,4
Máis galego	19	30,6	30,6	50,0
Máis castelán	24	38,7	38,7	88,7
Só castelán	7	11,3	11,3	100,0
Total	62	100,0	100,0	

En canto ao **uso lingüístico dentro do ámbito do persoal** das ONGD (II.2) reflíctese un 14,5% (9) de emprego de só galego, un 27,4% (17) de máis galego ca castelán, un 38,7% (24) de máis castelán ca galego, e un 17,7% (11) de só castelán, dándose un 1,6% (1) (de non contestadas). Neste apartado a tendencia é dun 41,9% (16) cara ao galego, e un 56,4% (35) cara ao castelán.

### (II.2) Lingua predominante entre o persoal

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Só galego	9	14,5	14,8	14,8
Máis galego	17	27,4	27,9	42,6
Máis castelán	24	38,7	39,3	82,0
Só castelán	11	17,7	18,0	100,0
Total	61	98,4	100,0	
Perdidos	1	1,6		
Total	62	100,0		

Da análise particular do emprego da lingua en diferentes apartados das actividades das ONGD (II.3), danse os seguintes resultados:

**Conferencias.**- O 30,6% (19) emprega só o galego, o 21% (13), máis galego ca castelán, 12,9% (8) máis castelán ca galego, 21% (13) só castelán, e un 3,2% (2) as dúas linguas, tendo neste apartado un 11,3% (7) de casos non contestados. Nesta serie de datos a alta porcentaxe de datos perdidos, ou non contestados, dáse, sobre todo, porque non todas as actividades propostas son realizadas por todas as organizacións, polo que habería que ter en conta as seguintes porcentaxes para cada unha das opcións de resposta respectivas: 34,5% de porcentaxe válida (PV)/34,5% de porcentaxe acumulada (PA); 23,6% PV/58,2% PA; 14,5% PV/72,7% PA; 23,6% PV/96,4%PA; e 3,6% PV/100% PA<sup>4</sup>. Así, a tendencia cara ao emprego do galego, partindo das porcentaxes válidas, é de dun 58,1% e cara ao castelán dun 38,1%.

<sup>4</sup> A partir de aquí indicaremos as porcentaxe válidas entre [corchetes].

**(II.3.a) Conferencias**

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Só galego	19	30,6	34,5	34,5
Máis galego	13	21,0	23,6	58,2
Máis castelán	8	12,9	14,5	72,7
Só castelán	13	21,0	23,6	96,4
As dúas	2	3,2	3,6	100,0
Total	55	88,7	100,0	
Perdidos	7	11,3		
Total	62	100,0		

**Seminarios.**- O 27,4% (17) [33,3%] dos seminarios danse só en galego, o 21% (13) [25,2%] máis en galego ca en castelán, o 14,4% (9) [17,6%] máis en castelán ca en galego, o 17,7% (11) [21,6%] só en castelán, e un 1,6% (1) [2%] nas dúas linguas. Aparece neste caso un 17,7% (11) de datos perdidos, que se reflicte na porcentaxe válida xa indicada. A tendencia xeral que se aprecia é cara ao galego do 58,8%, e do 39,2%.

**(II.3.b) Seminarios**

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Só galego	17	27,4	33,3	33,3
Máis galego	13	21,0	25,5	58,8
Máis castelán	9	14,5	17,6	76,5
Só castelán	11	17,7	21,6	98,0
As dúas	1	1,6	2,0	100,0
Total	51	82,3	100,0	
Perdidos	11	17,7		
Total	62	100,0		

**Ámbito de traballo interno (relacións laborais e persoais).**- O 25,8% (18) emprega só o galego nas comunicacións internas do ámbito de traballo, o 32,3% (20), máis galego ca castelán, o 17,7% (11) máis castelán ca galego, 21% (13) só castelán, e un 3,2 (2) as dúas linguas. Neste caso a tendencia é dun 58,1% cara ao galego, e dun 38,7% cara ao castelán, cun 3,2% cara ás dúas linguas, o que choca co obtido na cuestión II.2, onde a porcentaxe era superior cara ao castelán (56,4%).

**(II.3.c) Ámbito de traballo interno**

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Só galego	16	25,8	25,8	25,8
Máis galego	20	32,3	32,3	58,1
Máis castelán	11	17,7	17,7	75,8
Só castelán	13	21,0	21,0	96,8
As dúas	2	3,2	3,2	100,0
Total	62	100,0	100,0	

**Comunicacións con colaboradores e asociados.**- O 32,3% (20) das organizacións emprega só o galego nas súas comunicacións con colaboradores e asociados, o 17,7% (11) máis galego ca castelán, o 29% (18) máis castelán ca galego, o 17,7% (11) só castelán, e un 3,2% (2) ambas as dúas linguas. O resultado sería porcentualmente dun 50% cara ao galego, e dun 46,7% cara ao castelán, ademais do 3,2% cara as dúas linguas.

**(II.3.d) Colaboradores e asociados**

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Só galego	20	32,3	32,3	32,3
Máis galego	11	17,7	17,7	50,0
Máis castelán	18	29,0	29,0	79,0
Só castelán	11	17,7	17,7	96,8
As dúas	2	3,2	3,2	100,0
Total	62	100,0	100,0	

**Relacións con outras ONG.-** O 25,8% (16) afirma empregar só o galego nas súas relacións con outras ONG, o 38,7% (24) máis galego ca castelán, o 19,4% (12) máis castelán ca galego, o 12,9% (8) só castelán, e o 3,2% (2) as dúas linguas. A tendencia sería dun 64,5% cara ao galego, e dun 32,3% cara ao castelán, ademais do 3,2% cara ás dúas.

**(II.3.e) Relacións con outras ONG**

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Só galego	16	25,8	25,8	25,8
Máis galego	24	38,7	38,7	64,5
Máis castelán	12	19,4	19,4	83,9
Só castelán	8	12,9	12,9	96,8
As dúas	2	3,2	3,2	100,0
Total	62	100,0	100,0	

**Relacións con outras entidades públicas ou privadas.-** O 27,4% (17) emprega só o galego, o 43,5% (27) máis galego ca castelán, o 14,5% (9) máis castelán ca galego, 12,9% (8) só castelán, e un 1,6% (1) as dúas linguas. Os valores serían tendentes ao galego nun 70,9%, e nun 27,4% ao castelán, así como un 1,6% cara aos dous.

**(II.3.f) Relacións con outras entidades**

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Só galego	17	27,4	27,4	27,4
Máis galego	27	43,5	43,5	71,0
Máis castelán	9	14,5	14,5	85,5
Só castelán	8	12,9	12,9	98,4
As dúas	1	1,6	1,6	100,0
Total	62	100,0	100,0	

**Proxectos.**- O 29% (18) afirma elaborar os seus proxectos só en galego, o 32,3% (20) máis en galego ca en castelán, o 14,5% (9) máis en castelán ca en galego, o 19,4% (12) só en castelán, e un 4,8% (3) nas dúas linguas. Así as porcentaxes cara ao galego son dun 61,3%, e dun 33,9% cara ao castelán.

**(II.3.g) Proxectos**

	Frecuencia		Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Só galego	18	29,0	29,0	29,0
Máis galego	20	32,3	32,3	61,3
Máis castelán	9	14,5	14,5	75,8
Só castelán	12	19,4	19,4	95,2
As dúas	3	4,8	4,8	100,0
Total	62	100,0	100,0	

**Exposicións.**- O 38,7% (24) [46,2%] das organizacións fai as súas exposicións só en galego, o 14,5% (9) [17,3%] máis en galego ca en castelán, o 11,3% (7) [13,5%] máis en castelán ca en galego, o 14,5% (9) [17,3%] só en castelán, e o 4,8% (3) [5,8%] nas dúas linguas. Neste apartado hai que considerar, para os efectos de porcentaxe válida indicada entre corchetes, a existencia dun 16,1% (10) de datos perdidos. As tendencias son cara ao galego do 63,5%, e cara ao castelán do 30,8%.

**(II.3.h) Exposicións**

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Só galego	24	38,7	46,2	46,2
Máis galego	9	14,5	17,3	63,5
Máis castelán	7	11,3	13,5	76,9
Só castelán	9	14,5	17,3	94,2
As dúas	3	4,8	5,8	100,0
Total	52	83,9	100,0	
Perdidos	10	16,1		
Total	62	100,0		

**Cursos.**- En canto ao uso da lingua nos cursos, as que os fan só en galego representan o 25,8% (16) [29,6%], que veñen ser os mesmos datos das que os fan máis en galego ca en castelán. O 12,9% (8) [14,8%] fanos máis en castelán ca en galego, o 19,4 (12) [22,2%] só en castelán, e o 3,2% (2) [3,7%] nas dúas linguas. Sobre as porcentaxes válidas, a partir dun 12,9% (8) de datos perdidos, vese unha tendencia do 59,2% cara ao castelán, e do 37% cara ao galego.

(II.3.i) Cursos

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Só galego	16	25,8	29,6	29,6
Máis galego	16	25,8	29,6	59,3
Máis castelán	8	12,9	14,8	74,1
Só castelán	12	19,4	22,2	96,3
As dúas	2	3,2	3,7	100,0
Total	54	87,1	100,0	
Perdidos	8	12,9		
Total	62	100,0		

**Charlas.**- A porcentaxe de uso de só o galego nas charlas é dun 29% (18) [32,7%], do 24,2% (15) [27,3%] máis en galego ca en castelán, do 11,3% (7) [12,7%] máis en castelán ca en galego, do 21% (13) [23,6%] só en castelán, e do 3,2% (2) [3,6%] nas dúas linguas. Os datos perdidos neste apartado suman un 11,3% (7), co que a tendencia cara ao uso do galego sobre a porcentaxe válida é dun 60%, fronte a un 36,3% cara ao castelán, ademais do 3,6% nas dúas linguas.

**(II.3.k) Charlas**

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Só galego	18	29,0	32,7	32,7
Máis galego	15	24,2	27,3	60,0
Máis castelán	7	11,3	12,7	72,7
Só castelán	13	21,0	23,6	96,4
As dúas	2	3,2	3,6	100,0
Total	55	88,7	100,0	
Perdidos	7	11,3		
Total	62	100,0		

**Unidades didácticas.**- O 38,7% (24) [46,2%] realiza as unidades didácticas só en galego, o 12,9% (8) [15,4%] máis en galego ca en castelán, o 9,7% (6) [11,5%] máis en castelán ca en galego, o 19,4% (12) [23,1%] só en castelán, e o 3,2% (2) [3,8%] nas dúas linguas. Sobre un 16,1% (10) de datos perdidos, vese que a porcentaxe válida é dun 61,6% cara ao galego e dun 34,6% cara ao castelán.

**(II.3.l) Unidades didácticas**

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Só galego	24	38,7	46,2	46,2
Máis galego	8	12,9	15,4	61,5
Máis castelán	6	9,7	11,5	73,1
Só castelán	12	19,4	23,1	96,2
As dúas	2	3,2	3,8	100,0
Total	52	83,9	100,0	
Perdidos	10	16,1		
Total	62	100,0		

**Publicidade.**- A publicidade realízase só en galego no 40,3% (25) [46,3%] dos casos, máis en galego ca en castelán no 11,3% (7) [13%], máis en castelán ca en galego o 16,1% (10) [18,5%], o mesmo que só en castelán, e un 3,2% (2) [3,7%] nas dúas linguas. Os datos perdidos neste apartado serían do 12,9% (8). A

tendencia cara ao galego, sobre as porcentaxes válidas, serían do 59,3%, e cara ao castelán do 37%, xunto co 3,7% nas dúas linguas.

**(II.3.m) Publicidade**

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Só galego	25	40,3	46,3	46,3
Máis galego	7	11,3	13,0	59,3
Máis castelán	10	16,1	18,5	77,8
Só castelán	10	16,1	18,5	96,3
As dúas	2	3,2	3,7	100,0
Total	54	87,1	100,0	
Perdidos	8	12,9		
Total	62	100,0		

**Páxinas web.-** O emprego da lingua nas páxinas web reflíctese nunha porcentaxe do 24,2% (15) [29,4%] de uso só do galego, e dun 11,3% (7) [13,7%] de máis galego ca castelán; mentres que o 12,9% (8) [15,7%] utiliza máis o castelán ca o galego, e un 29% (18) [35,3%] só usa o castelán, aparecendo tamén un 4,8% (3) [5,9%] que emprega as dúas linguas. Os datos perdidos son dun 17,7% (11). A tendencia cara ao emprego do galego nas páxinas web é dun 43,1% sobre a porcentaxe válida, e dun 51% cara ao castelán.

**(II.3.n) Páxinas web**

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Só galego	15	24,2	29,4	29,4
Máis galego	7	11,3	13,7	43,1
Máis castelán	8	12,9	15,7	58,8
Só castelán	18	29,0	35,3	94,1
As dúas	3	4,8	5,9	100,0
Total	51	82,3	100,0	
Perdidos	11	17,7		
Total	62	100,0		

A seguinte pregunta (II.4), **¿En que medida considera importante que o galego sexa a lingua oficial das ONGD en Galicia?**, mostra que o 38,7% (24) das organizacións pensan que sería moi importante que o galego fose a lingua oficial das ONGD implantadas en Galicia, o 37,1% (23) importante, o 14,5% (9) pouco importante, e o 8,1% nada importante. A tendencia sería dun 75,8% que consideraría moi importante ou importante o galego como lingua oficial das ONGD en Galicia, e dun 22,6% que o consideraría pouco importante ou nada importante.

**(II.4) Valoración sobre que a lingua oficial das ONGD sexa o galego**

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Moi importante	24	38,7	39,3	39,3
Importante	23	37,1	37,7	77,0
Pouco importante	9	14,5	14,8	91,8
Nada importante	5	8,1	8,2	100,0
Total	61	98,4	100,0	
Perdidos	1	1,6		
Total	62	100,0		

Á pregunta II.5, **¿A diversidade e a tolerancia lingüística forman parte dos principios ou bases fundacionais da súa ONGD?**, o 80,6% (50) das ONGD afirman que a diversidade e a tolerancia lingüística figura nas súas bases fundacionais, mentres que non as teñen o 8,1% (5), e un 11,3% (7) non o sabe ou non contesta.

**(II.5) Tolerancia lingüística nas bases fundacionais da ONGD**

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Si	50	80,6	80,6	80,6
Non	5	8,1	8,1	88,7
Ns/Nc	7	11,3	11,3	100,0
Total	62	100,0	100,0	

As respostas á cuestión II.6, **¿Cre que o uso da lingua galega é interesante para o desenvolvemento do seu traballo en Galicia?**, mostra que o 62,9% (39) considera que o uso da lingua galega sempre é interesante para o desenvolvemento do seu traballo en Galicia, o 27,4% (17) só ás veces, e o 6,5% (4) nunca o considera importante. Un 3,2% (2) non sabe ou non contesta.

**(II.6) Sobre o interese do galego para o desenvolvemento do traballo das ONGD**


	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Sempre	39	62,9	62,9	62,9
Ás veces	17	27,4	27,4	90,3
Nunca	4	6,5	6,5	96,8
Ns/Nc	2	3,2	3,2	100,0
Total	62	100,0	100,0	

A **importancia da planificación lingüística nas ONGD** (II.7) presenta a partir do cuestionario, unha media valorativa do 2,94, cunha desviación típica do 1,47, polo que na escala de 1 a 5 (de menor a maior importancia) que se lles ofreceu para a valoración, apréciase unha tendencia superior a 2,5, do que se tira no contexto da enquisa, unha lixeira tendencia cara ao galego favorable á planificación lingüística.

**(II.7) Importancia da planificación lingüística**

Nivel de importancia (de menos a máis)	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
1	17	27,4	27,4	27,4
2	5	8,1	8,1	35,5
3	17	27,4	27,4	62,9
4	11	17,7	17,7	80,6
5	12	19,4	19,4	100,0
Total	62	100,0	100,0	

Por outra banda, só o 33,9% (21) afirma ter algún tipo de **asesoramento lingüístico** (II.8) –que se entende cara ao galego, dado o carácter do cuestionario–, fronte ao 66,1% (41) que non o ten. Das respostas afirmativas apréciase que o asesoramento de 12 delas está formado a partir de colaboradores ou voluntarios (3 destes casos parecen ser que pertencen ao propio organigrama da ONGD), e 8 recorren a servizos de normalización lingüística oficiais (6 deles indican que usan o fornecido por Política Lingüística e 2 o dalgunha universidade), mentres que un non especifica.



A derradeira pregunta do cuestionario, (II.9), **¿Que idioma considera máis útil para realizar o seu traballo: o galego ou o castelán?**, formulouse como unha pregunta de opinión que se pechou para o seu cómputo en función das diferentes respostas achegadas. Así, o 32,3% (20) considera o galego o idioma máis útil para a realización do seu traballo, o 22,6% (14) máis o castelán, e o 35,5% os dous, diferenciando aquí un ou o outro en función de se as súas necesidades de comunicación se dan dentro ou fora do ámbito lingüístico de Galicia. O 9,7% (6) non sabe ou non contesta.

**Idioma máis útil para realización do traballo**

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Galego	20	32,3	32,3	32,3
Castelán	14	22,6	22,6	54,8
Os dous	22	35,5	35,5	90,3
Ns/Nc -Outros	6	9,7	9,7	100,0
Total	62	100,0	100,0	

Tras esta análise xeral dos resultados do cuestionario parece interesante ver cada un dos apartados en función do lugar de asentamento da sede central das ONGD, isto é, se é *galega* ou de *fóra de Galicia*.

Así, as que denominaremos, *ONGD galegas*, teñen como idioma habitual só o galego no 30,6%, máis galego ca castelán o 36,1%, máis castelán ca galego o 25%, e só castelán o 8,3%; mentres que as *non galegas* amosan como única lingua o galego o 4%, máis o galego ca o castelán o 24%, máis o castelán ca o galego o 56%, e só o castelán o 16%. A tendencia dos resultados sería, dentro das *ONGD galegas* dun 72% tendente ao galego, e dun 33,3% cara ao castelán, fronte a un 28% de tendencia ao galego e dun 66% tendente ao castelán das *non galegas*, tal e como se pode apreciar na táboa seguinte

**Sede central / Idioma habitual**

		Idioma habitual				Total
		Galego	Máis galego	Máis castelán	Castelán	
Galegas	Reconto	11	13	9	3	36
	% sede central	30,6%	36,1%	25,0%	8,3%	100,0%
	% do total	18,0%	21,3%	14,8%	4,9%	59,0%
Non galegas	Reconto	1	6	14	4	25
	% sede central	4,0%	24,0%	56,0%	16,0%	100,0%
	% do total	1,6%	9,8%	23,0%	6,6%	41,0%
Total	Reconto	12	19	23	7	61
	% sede central	19,7%	31,1%	37,7%	11,5%	100,0%
	% do total	19,7%	31,1%	37,7%	11,5%	100,0%

En canto á **lingua predominante entre o persoal** das *ONGD galegas*, atopamos que o emprego de só galego é predominante no 20% das organizacións *galegas*, máis o galego ca o castelán no 34,3%, máis castelán ca galego no 37,1% e só empregan o castelán o 8,6%. As *non galegas* teñen como lingua de uso só o galego o 8%, máis galego ca castelán o 20%, máis castelán ca galego o 40% e só o castelán o 32%. Isto mostra unha tendencia de emprego do galego do 54,3% nas *galegas* e dun 28% nas *non galegas*, e do castelán dun 45,7% nas *galegas*, e dun 72% nas *non galegas*.

		Lingua predominante entre o persoal				Total
		Galego	Máis galego	Máis castelán	Castelán	
Galegas	Reconto	7	12	13	3	35
	% sede central	20,0%	34,3%	37,1%	8,6%	100,0%
	% do total	11,7%	20,0%	21,7%	5,0%	58,3%
Non galegas	Reconto	2	5	10	8	25
	% sede central	8,0%	20,0%	40,0%	32,0%	100,0%
	% do total	3,3%	8,3%	16,7%	13,3%	41,7%
Total	Reconto	9	17	23	11	60
	% sede central	15,0%	28,3%	38,3%	18,3%	100,0%
	% do total	15,0%	28,3%	38,3%	18,3%	100,0%

Na cuestión II.3 que analiza o uso do galego en diferentes tipos de actividades, pódese observar, collendo só as actividades máis salientables, que nas **Conferencias**, as *ONGD galegas* tenden ao galego no 71,9%, ao castelán no 25%, e ás dúas no 3,1%; mentres que as *non galegas*, tenden ao galego no 40,9%, ao castelán no 54,5%, e ás dúas no 4,5% dos casos.

**Sede central / Conferencias**

		Conferencias					Total
		Galego	Máis galego	Máis castelán	Castelán	As dúas	
Galegas	Reconto	17	6	3	5	1	32
	% sede central	53,1%	18,8%	9,4%	15,6%	3,1%	100,0%
	% do total	31,5%	11,1%	5,6%	9,3%	1,9%	59,3%
Non galegas	Reconto	2	7	5	7	1	22
	% sede central	9,1%	31,8%	22,7%	31,8%	4,5%	100,0%
	% do total	3,7%	13,0%	9,3%	13,0%	1,9%	40,7%
Total	Reconto	19	13	8	12	2	54
	% sede central	35,2%	24,1%	14,8%	22,2%	3,7%	100,0%
	% do total	35,2%	24,1%	14,8%	22,2%	3,7%	100,0%

A lingua á que tende o uso no **Ámbito de traballo interno (relacións laborais e persoais)**, é entre as *ONGD galegas* cara ao galego do 72,2%, e ao castelán do 25%, cun 2,8% cara as dúas linguas; e nas *non galegas*, do 40% cara ao galego, e do 56% cara ao castelán, cun 4% que se declara bilingüe no seu uso. Estes resultados hai que contrastalos cos obtidos na cuestión II.2 (41,9% e 56,4%) e II.3.c (58,1% e 38,7%), vendo que se aproximan entre si os de II.2 cos datos das *ONGD galegas*, e II.3.c cos das *non galegas*.

**Sede central / Idioma no ámbito de traballo**

		Idioma no ámbito de traballo					Total
		Galego	Máis galego	Máis castelán	Castelán	As dúas	
Galegas	Reconto	13	13	6	3	1	36
	% sede central	36,1%	36,1%	16,7%	8,3%	2,8%	100,0%
	% do total	21,3%	21,3%	9,8%	4,9%	1,6%	59,0%
Non galegas	Reconto	3	7	5	9	1	25
	% sede central	12,0%	28,0%	20,0%	36,0%	4,0%	100,0%
	% do total	4,9%	11,5%	8,2%	14,8%	1,6%	41,0%
Total	Reconto	16	20	11	12	2	61
	% sede central	26,2%	32,8%	18,0%	19,7%	3,3%	100,0%
	% do total	26,2%	32,8%	18,0%	19,7%	3,3%	100,0%

O apartado referido ás **Comunicacións con colaboradores ou asociados**, entre as *ONGD galegas*, o 66,6% tende ao galego e o 30,5% ao castelán, cun 2,8% aos dous. Nas *non galegas*, o 28% tende ao galego e o 68% ao castelán, e un 4% ás dúas linguas.

		Idioma con colaboradores e asociados					Total
		Galego	Máis galego	Máis castelán	Castelán	As dúas	
Galegas	Reconto	17	7	8	3	1	36
	% sede central	47,2%	19,4%	22,2%	8,3%	2,8%	100,0%
	% do total	27,9%	11,5%	13,1%	4,9%	1,6%	59,0%
Non galegas	Reconto	3	4	9	8	1	25
	% sede central	12,0%	16,0%	36,0%	32,0%	4,0%	100,0%
	% do total	4,9%	6,6%	14,8%	13,1%	1,6%	41,0%
Total	Reconto	20	11	17	11	2	61
	% sede central	32,8%	18,0%	27,9%	18,0%	3,3%	100,0%
	% do total	32,8%	18,0%	27,9%	18,0%	3,3%	100,0%

Nas **Relacións con outras ONG**, emprega máis o galego o 72,2% das *ONGD galegas*, e máis o castelán o 25%, cun 2,8% que afirma usar as dúas por igual. As *non galegas*, tenden cara ao galego no 56% dos casos, e o 40% cara ao castelán, cun 4% aos dous.

		Relacións con outras ONG					Total
		Galego	Máis galego	Máis castelán	Castelán	As dúas	
Galegas	Reconto	12	14	6	3	1	36
	% sede central	33,3%	38,9%	16,7%	8,3%	2,8%	100,0%
	% do total	19,7%	23,0%	9,8%	4,9%	1,6%	59,0%
Non galegas	Reconto	4	10	5	5	1	25
	% sede central	16,0%	40,0%	20,0%	20,0%	4,0%	100,0%
	% do total	6,6%	16,4%	8,2%	8,2%	1,6%	41,0%
Total	Reconto	16	24	11	8	2	61
	% sede central	26,2%	39,3%	18,0%	13,1%	3,3%	100,0%
	% do total	26,2%	39,3%	18,0%	13,1%	3,3%	100,0%

Nas **Relacións con outras entidades públicas e privadas**, as *ONGD galegas* tenden ao uso do galego nun 77,5%, e ao castelán nun 19,5%, cun 2,8% que declara usar as dúas linguas. As *ONGD non galegas* amosan unha tendencia cara ao galego nun 64%, mentres que cara ao castelán nun 36%.

**Sede central / Relacións con outras entidades**

		Relacións con outras entidades					Total
		Galego	Máis galego	Máis castelán	Castelán	As dúas	
Galegas	Reconto	12	16	5	2	1	36
	% sede central	33,3%	44,4%	13,9%	5,6%	2,8%	100,0%
	% do total	19,7%	26,2%	8,2%	3,3%	1,6%	59,0%
Non galegas	Reconto	5	11	4	5	0	25
	% sede central	20,0%	44,0%	16,0%	20,0%	,0%	100,0%
	% do total	8,2%	18,0%	6,6%	8,2%	,0%	41,0%
Total	Reconto	17	27	9	7	1	61
	% sede central	27,9%	44,3%	14,8%	11,5%	1,6%	100,0%
	% do total	27,9%	44,3%	14,8%	11,5%	1,6%	100,0%

Os **Proxectos** adoitan tender ao galego nun 75% e ao castelán nun 22,2%, ademais dun 2,8% nas dúas linguas, entre as *ONGD galegas*, mentres que nas *non galegas* a tendencia ao galego é do 44% e ao castelán do 48%, realizándose o 8% nas dúas linguas.

**Sede central / Proxectos**

		Proxectos					Total
		Galego	Máis galego	Máis castelán	Castelán	As dúas	
Galegas	Reconto	15	12	3	5	1	36
	% sede central	41,7%	33,3%	8,3%	13,9%	2,8%	100,0%
	% do total	24,6%	19,7%	4,9%	8,2%	1,6%	59,0%
Non galegas	Reconto	3	8	5	7	2	25
	% sede central	12,0%	32,0%	20,0%	28,0%	8,0%	100,0%
	% do total	4,9%	13,1%	8,2%	11,5%	3,3%	41,0%
Total	Reconto	18	20	8	12	3	61
	% sede central	29,5%	32,8%	13,1%	19,7%	4,9%	100,0%
	% do total	29,5%	32,8%	13,1%	19,7%	4,9%	100,0%

Os **Cursos** tenden ao galego nun 74,2% e ao castelán nun 22,6% entre as *ONGD galegas*, cun 3,2% que afirma empregar as dúas linguas; e nun 40,9% e 54,6%, respectivamente, entre as *non galegas*, cun 4,5% nas dúas linguas.

		Sede central / Cursos					Total
		Cursos					
		Galego	Máis galego	Máis castelán	Castelán	As dúas	
Galegas	Reconto	14	9	3	4	1	31
	% sede central	45,2%	29,0%	9,7%	12,9%	3,2%	100,0%
	% do total	26,4%	17,0%	5,7%	7,5%	1,9%	58,5%
Non galegas	Reconto	2	7	4	8	1	22
	% sede central	9,1%	31,8%	18,2%	36,4%	4,5%	100,0%
	% do total	3,8%	13,2%	7,5%	15,1%	1,9%	41,5%
Total	Reconto	16	16	7	12	2	53
	% sede central	30,2%	30,2%	13,2%	22,6%	3,8%	100,0%
	% do total	30,2%	30,2%	13,2%	22,6%	3,8%	100,0%

As **Charlas**, amosan unha tendencia ao galego do 71,9% e cara ao castelán no 25%, cun emprego das dúas no 3,1% dos casos entre as *ONGD galegas*. As *non galegas* amosan uns datos respectivos do 42,6%, 50% e 4,5%.

		Sede central / Charlas					Total
		Charlas					
		Galego	Máis galego	Máis castelán	Castelán	As dúas	
Galegas	Reconto	16	7	3	5	1	32
	% sede central	50,0%	21,9%	9,4%	15,6%	3,1%	100,0%
	% do total	29,6%	13,0%	5,6%	9,3%	1,9%	59,3%
Non galegas	Reconto	2	8	3	8	1	22
	% sede central	9,1%	36,4%	13,6%	36,4%	4,5%	100,0%
	% do total	3,7%	14,8%	5,6%	14,8%	1,9%	40,7%
Total	Reconto	18	15	6	13	2	54
	% sede central	33,3%	27,8%	11,1%	24,1%	3,7%	100,0%
	% do total	33,3%	27,8%	11,1%	24,1%	3,7%	100,0%

Sobre o emprego da lingua nas **Unidades didácticas** déixase ver que entre as *ONGD galegas* existe unha tendencia ao galego do 80%, cara ao castelán do 16,6%, e cara as dúas linguas do 3,3%; mentres que nas *non galegas* a tendencia é do 37,1%, 57,1% e 4,8% respectivamente.

**Sede central / Unidades didácticas**

		Unidades didácticas					Total
		Galego	Máis galego	Máis castelán	Castelán	As dúas	
Galegas	Reconto	19	5	1	4	1	30
	% sede central	63,3%	16,7%	3,3%	13,3%	3,3%	100,0%
	% do total	37,3%	9,8%	2,0%	7,8%	2,0%	58,8%
Non galegas	Reconto	5	3	4	8	1	21
	% sede central	23,8%	14,3%	19,0%	38,1%	4,8%	100,0%
	% do total	9,8%	5,9%	7,8%	15,7%	2,0%	41,2%
Total	Reconto	24	8	5	12	2	51
	% sede central	47,1%	15,7%	9,8%	23,5%	3,9%	100,0%
	% do total	47,1%	15,7%	9,8%	23,5%	3,9%	100,0%

A **Publicidade** reflicte unha tendencia ao emprego do galego nas *ONGD galegas* do 65,3% e do 47,4% nas *non galegas*, e cara ao castelán do 18,6% e do 56,8%, respectivamente, cun 3 e un 4,5% de emprego das dúas linguas en cada unha delas.

**Sede central / Publicidade**

		Publicidade					Total
		Galego	Máis galego	Máis castelán	Castelán	As dúas	
Galegas	Reconto	21	3	3	5	1	33
	% sede central	56,0%	9,3%	9,3%	15,6%	3,0%	100,0%
	% do total	38,1%	5,4%	5,4%	9,0%	1,8%	60,00%
Non galegas	Reconto	5	4	7	5	1	22
	% sede central	25,0%	22,4%	31,8%	25,0%	4,5%	100,0%
	% do total	29,0%	7,2%	12,7%	9,0%	1,8%	40,0%
Total	Reconto	26	7	10	10	2	55
	% sede central	47,2%	12,7%	18,1%	18,1%	3,6%	100,0%
	% do total	47,2%	12,7%	18,1%	18,1%	3,6%	100,0%

As **Páxinas web** amosan unha tendencia no emprego habitual do galego do 71,4% e do castelán do 25% entre as *ONGD galegas*, xunto cun 3,6% que emprega

as dúas linguas. Entre as *non galegas* téndese ao galego nun 9% e ao castelán nun 81,8%, cun 9,1% en ambas as dúas.

		Sede central / Páxinas web					Total
		Galego	Máis galego	Máis castelán	Castelán	As dúas	
Galegas	Reconto	14	6	2	5	1	28
	% sede central	50,0%	21,4%	7,1%	17,9%	3,6%	100,0%
	% do total	28,0%	12,0%	4,0%	10,0%	2,0%	56,0%
Non galegas	Reconto	1	1	6	12	2	22
	% sede central	4,5%	4,5%	27,3%	54,5%	9,1%	100,0%
	% do total	2,0%	2,0%	12,0%	24,0%	4,0%	44,0%
Total	Reconto	15	7	8	17	3	50
	% sede central	30,0%	14,0%	16,0%	34,0%	6,0%	100,0%
	% do total	30,0%	14,0%	16,0%	34,0%	6,0%	100,0%

Este apartado pódese apreciar mellor en conxunto na seguinte táboa, de onde se tira que a porcentaxe media de uso tendente ao galego é do 72,56% nas *ONGD galegas*, fronte ao 48,28% nas *non galegas*, do mesmo xeito que a tendencia cara ao castelán é do 25,8% nas *galegas* e 54,8% nas *non galegas*.

Ámbitos de uso da lingua	ONG galegas			ONG non galegas		
	Máis Galego	Máis Castelán	Ambas as linguas	Máis Galego	Máis Castelán	Ambas as linguas
Conferencias	71,9%	25%	3,1%	40,9%	54,5%	4,5%
Ámbito laboral	72,2%	25%	2,8%	40%	56%	4%
Colaboradores	66,6%	30,5%	2,8%	28%	68%	4%
Con outras ONG	72,2%	25%	2,8%	56%	40%	4%
Outras entidades	77,5%	19,5%	2,8%	64%	36%	-
Proxectos	75%	22,2%	2,8%	44%	48%	8%
Cursos	74,2%	22,6%	3,2%	40,9%	54,6%	4,5%
Charlas	71,9%	25%	3,1%	42,6%	50%	4,5%
Unid. didáct.	80%	16,6%	3,3%	37,1%	57,1%	4,8%
Publicidade	65,3%	47,4%	3%	18,6 %	56,8%	4,5%
Páxinas web	71,4%	25%	3,6%	9%	81,8%	9,1%
% media	72,56%	25,8%	3,02%	48,28%	54,8%	4,31%

Do cruzamento da cuestión II.4, **¿En que medida considera importante que o galego sexa a lingua oficial das ONGD en Galicia?**, co do asentamento matriz da ONGD (I.3), apréciase que o 83,3% das *ONGD galegas* considera importante ou moi importante que o galego sexa lingua oficial, e o 16,6% pouco importante ou nada importante; mentres que entre as *non galegas* a consideración é do 66,7% e do 33,3% respectivamente.

		Galego como lingua oficial das ONGD				Total
		Moi importante	Importante	Pouco importante	Nada importante	
Galegas	Reconto	18	12	3	3	36
	% sede central	50,0%	33,3%	8,3%	8,3%	100,0%
	% do total	30,0%	20,0%	5,0%	5,0%	60,0%
Non galegas	Reconto	6	10	6	2	24
	% sede central	25,0%	41,7%	25,0%	8,3%	100,0%
	% do total	10,0%	16,7%	10,0%	3,3%	40,0%
Total	Reconto	24	22	9	5	60
	% sede central	40,0%	36,7%	15,0%	8,3%	100,0%
	% do total	40,0%	36,7%	15,0%	8,3%	100,0%


Isto tamén vai parello á pregunta II.6 sobre **se o uso da lingua galega é interesante para o desenvolvemento do traballo das ONGD en Galicia**, onde o 69,4% das *galegas* así o consideran sempre, un 19,4% ás veces, e un 8,3% nunca. As *non galegas*, ven interesante o seu uso sempre nun 56%, ás veces nun 36%, e nunca un 4%.

**Sede central / Interese do galego para o desenvolvemento do traballo**


		Interese do galego para o desenvolvemento do traballo				Total
		Sempre	Ás veces	Nunca	Ns/Nc	
Galegas	Reconto	25	7	3	1	36
	% sede central	69,4%	19,4%	8,3%	2,8%	100,0%
	% do total	41,0%	11,5%	4,9%	1,6%	59,0%
Non galegas	Reconto	14	9	1	1	25
	% sede central	56,0%	36,0%	4,0%	4,0%	100,0%
	% do total	23,0%	14,8%	1,6%	1,6%	41,0%
Total	Reconto	39	16	4	2	61
	% sede central	63,9%	26,2%	6,6%	3,3%	100,0%
	% do total	63,9%	26,2%	6,6%	3,3%	100,0%

A importancia que ten a planificación lingüística nas ONGD (II.7), segundo o asentamento da matriz, reflicte que ten moita importancia nun 22,2% das ONGD galegas, e tan só nun 16% nas *non galegas*; mentres que para o 25% das *galegas* non ten ningunha importancia, e un 32% das *non galegas*, cos pasos intermedios de valoración, entre ambos os dous extremos, nunha gradación onde o 1 é a menor valoración, e o 5 a máxima. Neste aspecto xa se comentou con anterioridade que a media valorativa xeral deste apartado era do 2,94, do que se conclúe unha tendencia cara a planificación lingüística dentro das ONGD, que se ve cun lixeiro maior grao dentro das de orixe galega, como se aprecia nas seguintes gráficas.

**Importancia da planificación lingüística nas ONGD galegas**



### Importancia da planificación lingüística nas ONGD non galegas




Outro cruzamento, segundo que a ONGD sexa *galega* ou *non galega*, é o referido á cuestión II.9, sobre **que idioma consideran máis útil para realizar o seu traballo**. Así, o 44% das *ONGD galegas* considera máis útil o galego, o 19,4% o castelán, o 30,6% os dous, e o 5,6% non sabe, non contesta ou outras respostas. Entre as *non galegas*, ven o galego máis útil o 16%, máis o castelán o 28%, e os dous o 40%. Outras respostas o 16%.

Vendo polo miúdo os diferentes motivos que xustifican o emprego dunha lingua ou doutra no referente á súa utilidade para desenvolver o seu traballo, a principal razón que se dá para lle dar unha maior utilidade ao castelán, é a de “facilitar a relación con outras comunidades, países e linguas”, ao considerala “máis universal” ca o galego e proporcionar maiores facilidades para acceder a medios e recursos diferentes, como a tradución para outras linguas e á inversa (maior dificultade para atopar tradutores cara/desde o galego) (11 casos), ao que tamén, segundo algunhas puntualizacións, se engade o condicionante da dependencia comunicativa coa sede central situada fóra de Galicia.

Entre as que afirman empregar as dúas linguas dun xeito parello, a maioría diferencia o ámbito de relación, que será o que condicione a elección: así, empregarían o galego nas comunicacións dentro de Galicia e coas súas institucións,

e o castelán nas de fóra de Galicia, pero dependendo sempre da lingua inicial na que o interlocutor se dirixa primeiramente a eles.



## 4.- CONCLUSIÓNS

A continuación preséntanse as conclusións principais que se poden salientar dos diferentes aspectos contidos nesta investigación, destacando e resumindo aqueles resultados da análise efectuada nos apartados anteriores que parecen ter un maior interese.

Detectase un emprego equiparado do galego e do castelán en canto ao seu uso como lingua habitual no conxunto de todas as ONGD, pero estas porcentaxes varían segundo as entidades sexan de *orixe galega* ou *non galega*, dándose un moito maior uso do castelán entre as de sede foránea (66%) ca nas galegas (28%).

Entre o persoal tamén se dá unha maior tendencia ao emprego do castelán entre as ONGD con sede fóra de Galicia (72%), aínda que o uso do galego tampouco é excesivamente superior entre as galegas, cun 54,3%, fronte ao 45,7% do castelán.

Na análise en conxunto das diferentes actividades que desenvolven as ONGD, apréciase que a diferenza en favor do uso do galego é moi marcada entre as *ONGD galegas* (72,56% contra o 25,8%), mentres que nas *non galegas* a diferenza é de 6,52 puntos a favor do castelán (48,28% de uso do galego fronte ao 54,8% do castelán). Neste campo hai que destacar que é no ámbito de relación con colaboradores e asociados onde se dá un maior grao de emprego do castelán dentro das *ONGD galegas* (30,5%), xunto co da publicidade (47,4%), estando por riba o uso do galego en todos os demais ámbitos; pola contra, destacan as altas porcentaxes de emprego do castelán nas páxinas web das *non galegas* (81,8%), así como nas

unidades didácticas (57,1%), nas relacións cos colaboradores e asociados (68%), no medio laboral (56%) e na publicidade (56,8%). Estes aspectos deixan ver que no ámbito de comunicación exterior ou social (páxinas web, publicidade e contacto cos asociados), destaca a preeminencia de emprego do castelán sobre o galego nas ONGD con sede central fóra de Galicia.

Con relación a este aspecto de uso, consideran que o galego é interesante para desenvolver o seu traballo en Galicia a maioría das *ONGD galegas e non galegas*, pero aínda que afirmen isto, non mostran excesivo interese por considerar a planificación lingüística entre os seus obxectivos, aínda que a media valorativa deste apartado presenta unha lixeira tendencia cara a consideración deste aspecto, como xa se comentou. Non obstante, valorando os medios de asesoramento/planificación lingüística que empregan as ONGD, obsérvase que a maioría (66,1%) non posúe ningún tipo de apoio lingüístico, con maior porcentaxe entre as de orixe *non galega* (72%, fronte ao 66,1% das *galegas*).

Finalmente, a valoración da utilidade que do galego ofrecen as ONGD para desenvolver o seu labor, reflicte claramente, como xa se indicou máis detalladamente, unha tendencia marcada a considerar o castelán por razóns de “universalidade”, isto é, por manter a visión de que o galego é unha lingua de uso moito máis restritiva ca o castelán, e que se limitaría, en medidas de utilidade, ao ámbito autonómico, mentres que o castelán lles abriría “máis portas” comunicativas. Neste aspecto advírtese un uso diglósico da lingua en función do interlocutor e do medio onde se produza a situación comunicativa, á vez que os condicionantes da

radicación da sede central fóra de Galicia parecen influír notablemente á hora de elixir unha ou outra lingua.

En conxunto apreciase que a orixe da ONGD, ou o asentamento da súa sede central, condiciona marcadamente unha tendencia cara a un maior uso do galego ou do castelán nas súas actividades, pois entre as de *sede galega*, apreciase un emprego do galego próximo ao 70%, fronte a tan só un aproximado 43% nas de sede con orixe *non galega*; a pesar de que na cuestión II.4, o 66,7% das *ONGD non galegas* consideran importante que o galego sexa a lingua oficial destas entidades dentro de Galicia, o que parece que non se leva a cabo na práctica; aínda que a visión global, sen diferenciar o lugar de asentamento da sede das ONGD, mostra que os uso de ambas as linguas está moi próximo, sendo o do galego de ao redor do 57%, fronte a un aproximado 43% do castelán.

Os datos recollidos confirman o relativamente escaso nivel de galeguización deste sector, cuestión especialmente significativa por tratarse dun grupo social dinámico, con proxección e notoriedade pública e que ten ampla presenza nos ambientes da mocidade.

Chama a atención, por outra banda, que non se albisque neste medio vocacionado para a cooperación, a vantaxe comparativa que representa o uso do galego, en especial cando, como se recolle no Plan Director da Cooperación, os países da lusofonía constitúen obxecto de referencia prioritaria na estratexia de loita contra a pobreza.

O dominio do galego supón un activo importante que pode facilitar unha especialización xeográfica da cooperación impulsada desde Galicia, non soamente no ámbito estatal, senón tamén no europeo, e incorporar un novo elemento relacional con Portugal que dispón de acreditada presenza neses espazos.

Por iso recoméndase complementar o presente diagnóstico coa elaboración dun paquete de medidas que contribúan a salientar a utilidade do dominio e uso do galego no ámbito da cooperación internacional ao desenvolvemento, e que permitan unha racionalización das súas vantaxes, abrindo horizontes de eficiencia máis aló do compromiso individual e colectivo do sector coa nosa lingua e cultura.

## 5. ANEXOS

### ANEXO I

#### Organizacións non Governamentais para o Desenvolvemento inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento (xullo de 2007)<sup>5</sup>

Nº Rex.	Axente
A-1	MANOS UNIDAS
A-2	ECOS DO SUR
A-3	SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL GALEGA. S.I.G.A.
A-4	UNICEF COMITE GALICIA
A-5	FUNDACIÓN INTERMON OXFAM
A-6	SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ
A-7	ESTUDIANTES SOLIDARIOS- EE SS
A-8	ASOCIACIÓN JÓVENES DEL TERCER MUNDO
A-9	BICIS POR LA PAZ
A-10	COMITE DE SOLIDARIEDADE CON AMERICA LATINA
A-11	ASOCIACIÓN GALEGA DE AXUDA AO SAHARA
A-12	AMIGOS DE ESCAES-PERU
A-13	ENTREPOBOS
A-14	COMITÉ DE SOLIDARIED. AM. L. OSCAR ROMERO
A-15	ASOCIACIÓN DE SOLIDARIDADE SALVADOR ALLENDE
A-16	CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA
A-17	MEDICOS MUNDI GALICIA
A-18	VETERINARIOS SEN FRONTEIRAS
A-19	SOLID. PARA EL DESARROLLO Y LA PAZ (SODEPAZ)
A-20	CENTRO UNESCO DE GALICIA
A-21	BABEL
A-22	ASOCIACIÓN NACIONAL ACCION SOLIDARIA
A-23	AMISTAD Y COOPERACION
A-24	FUNDACION PAZ E SOLIDARIDADE
A-25	COMITÉ OSCAR ROMERO
A-26	VOLUNTARIADO SOCIAL ROGAS
A-27	MEDICOS DEL MUNDO
A-28	NATURA HISPANICA
A-29	ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS GALICIA
A-30	ESTUDIANTES GALEGOS PARA AXUDA SOCIAL (EGAS)
A-31	FUND. GAL. DE INICIATIVAS CULT. E SOC. MONTECELO
A-32	SCOUTS DE GALICIA - EXPLOR. DE GALICIA - ASDE
A-33	PROMOCIÓN Y DESARROLLO- PROYDE
A-34	FUNDACION JUAN CIUDAD
A-35	BOLONCÓ (ASOCIACIÓN)
A-36	MENIÑOS, FUNDACIÓN GALEGA PARA A INFANCIA
A-37	FUND. DE A.E I. POLOS POBOS INDIG. DE IBEROAMÉ
A-38	ARQUITECTOS SEN FRONTEIRAS-DEM. GALICIA
A-39	DAMAS SALESIANAS A.D.S.
A-40	FARMACEUTICOS MUNDI

<sup>5</sup> Información achegada pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior. Consellería da Presidencia. Nótese que a numeración da orde de rexistro acada 155 ONG inscritas, mentres que só se computan 154, xa que falta o rexistro nº 82.

Neste cadro respectase a denominación das ONGD tal e como aparecen no rexistro.

A-41	PROYECTO MUNDO
A-42	FUNDAI AYUDA A LA INFANCIA (ASOCIACIÓN)
A-43	AYUDA EN ACCION (ASOCIACIÓN)
A-44	INSTITUTO GALEGO DOC. INTERNACIONAL (IGADI)
A-45	COMITÉ DE DEFENSA INTERN. DEL NIÑO REY. CODINER
A-46	AXUNICA
A-47	INTERED (FUNDACIÓN)
A-48	FUNDACIÓN INTERVIDA
A-49	FRATERNIDAD AYUDA AL TERCER MUNDO F.A.TE.M
A-50	SOLIDARIDAD CON EL TERCER MUNDO -SOTERMUN-
A-51	ACCIÓN CONTRA EL HAMBRE (FUNDACIÓN)
A-52	INTI
A-53	INTEGR. AYUDA AL DESARROLLO AFRICANO-AIDA (ASOC)
A-54	SOLIDARIDAD CON CUBAL (ASOCIACIÓN)
A-55	SOLIDARIDADE GALEGA
A-56	ASAMBLEA DE COOPERACIÓN POR LA PAZ
A-57	COOPERACIÓN INTERNACIONAL GALICIA
A-58	FUND. CUME PARA EL DESARR. DE CULT. Y PUEBLOS
A-59	FEDER. ESP. RELIGIOSOS DE LA ENSEÑANZA (FERE)
A-60	SOLIDARIOS PARA EL DESARROLLO
A-61	CITE-GALICIA
A-62	MEDICOS SIN FRONTERAS
A-63	ESPAÑA CON ACNUR (ASOCIACIÓN)
A-64	RIPARIA (ASOCIACIÓN BENÉFICO CULTURAL)
A-65	FUNDACIÓN ROKPA
A-66	ENTRECULTURAS FE Y ALEGRIA (FUNDACIÓN)
A-67	EDUCACION SIN FRONTERAS ESF-ESPAÑA
A-68	IMPLICAD@S NO DESENVOLVEMENTO
A-69	ASOCIACIÓN BENÉFICA HISPANOAMERICANA (H.B.H.)
A-70	A COVA DA TERRA (AS. CU. DE COOP. E DESENVOLVEMENTO)
A-71	COMPROMISO Y MISIÓN
A-72	CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO
A-73	A+D AL TERCER MUNDO
A-74	CODESPA (FUNDACIÓN)
A-75	SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA
A-76	ANCIANOS DEL MUNDO (ASOCIACIÓN)
A-77	ASOCIACIÓN POR LA PAZ Y EL DESARROLLO
A-78	AMARANTE PARA O ECODESENVOLVEMENTO (ASOC.)
A-79	FED. ESPAÑOLA RELIG. SOCIO-SANITARIOS (FERS)
A-80	SOLIDARIDAD EDUCACIÓN Y DESARROLLO (SED)
A-81	ACCION POR CUBA
A-83	COMPAÑÍA DE MARÍA (FUND. INTERNAC. DE SOLIDA)
A-84	BRISA (ASOCIACION BENEFICO CULTURAL)
A-85	COVIDE (COOP. VICENCIANA PARA EL DESARROLLO)
A-86	FUNDACION PARA EL DESARROLLO DE LA ENFERMERIA-
A-87	CANOVAS DEL CASTILLO (FUNDACION)
A-88	FUNDACIÓN PRO MUNDO
A-89	ASOCIACIÓN JUVENIL MADRESELVA
A-90	CÁRITAS DIOCESANA DE MONDOÑEDO FERROL
A-91	AMIGOS DA TERRA GALICIA-XUVENTUDE
A-92	ACCIÓN SOCIAL NÉBOA (ASOCIACIÓN)
A-93	AG. ADVENTISTA DE DESARROLL. Y RECURSOS ASIST
A-94	INVESTIG. Y COOPERACIÓN EN EL DESARROLLO HUM.
A-95	ASOCIACIÓN BENÉFICO SOCIAL DIGNIDAD
A-96	AMISTAD Y COLABORACIÓN OBLATA (AMICO)
A-97	TALLER DE SOLIDARIDAD (FUNDACIÓN)
A-98	LABAÑOU SOLIDARIA (ASOCIACIÓN)
A-99	FEDERACIÓN EFA GALICIA

A-100	BOMBEROS SIN FRONTERAS
A-101	HUÉRFANOS MISIÓN MISHIKISHI 'HUMI'
A-102	FISIOTERAPEUTAS DEL MUNDO ESPAÑA F.M.E.
A-103	FRATERNIDAD MISIONERA DEL SAGRADO CORAZÓN
A-104	COLABORACIÓN Y ESFUERZO
A-105	ASOCIACIÓN ONG 'MI PERÚ'
A-106	JÓVENES DEL TERCER MUNDO (FUNDACIÓN)
A-107	ADECO GALICIA (AMISTAD DESARR. Y COOP. 3º MUNDO)
A-108	GEÓLOGOS DEL MUNDO
A-109	HOSP. 1º DE MAYO STA. CRUZ DE LA SIERRA (ASOCIACIÓN)
A-110	CÁRITAS DIOCESANA DE OURENSE
A-111	ASOCIACIÓN PARA LA SOLIDARIDAD
A-112	TIERRA DE HOMBRES ESPAÑA (TDH) FUNDACIÓN)
A-113	HUMANISMO E DEMOCRACIA (FUNDACIÓN)
A-114	AXUDA EN ACCIÓN (FUNDACIÓN)
A-115	JUAN SOÑADOR (FUNDACIÓN)
A-116	FUNDACIÓN PROCLADE
A-117	SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ (SOGPS)
A-118	VICENTE FERRER (FUNDACIÓN)
A-119	ADECOP (AS. COOP. CON EL PUEBLO COLOMBIANO)
A-120	AMANI GALIZA-LAICOS CAMBONIANOS POLO SUR (ASOC.)
A-121	ASOCIACIÓN DEPORTE, CULTURA Y DESARROLLO
A-122	INMIGRANTES/EMIGRANTES RETORNADOS – ASIMES
A-123	FUNDACIÓN BALMS PARA LA INFANCIA
A-124	INST.GALEG EST SEGURANZA INTER E DA PAZ
A-125	FUNDACION DIAGRAMA
A-126	FUNDACIÓN ÁFRICA DIRECTO
A-127	CENTRO DE INTEGRACIÓN LIBRE Y SOLIDARIO DE AR.
A-128	JOVENES PARA LA COOP INTERNACIONAL AL DESARRO
A-129	FUNDACIÓN RED DEPORTE Y COOPERACIÓN
A-130	INST. EST. POLÍT. PARA AMÉRICA LAT. Y AFRICA
A-131	FUNDACIÓN UNICEF-COMITÉ ESPAÑOL
A-132	ASOCIACIÓN AMIGOS DE DOÑANA
A-133	ASOC. CRISOL PARA UNHA GALICIA SOLIDARIA
A-134	ASOC. ONG LENA (LENCOIS-NARON
A-135	MENORIA (ASOC. GAL DE FAMIL. ADOPT. EN ETIOPIA)
A-136	A. EQUUS ZEBRA
A-137	ECODESARROLLO GAIA
A-138	FUNDACIÓN AMIGO
A-139	FUND. INSTIT. SINDICAL DE COOP. AL DESARROLLO
A-140	UNIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS
A-141	SIERVAS DE SAN JOSE
A-142	ASOCIACIÓN 'CREANDO PONTES'
A-143	ASOCIACIÓN PARA A COOPERACIÓN CON CABO VERDE
A-144	FUNDACIÓN ÉRGUETE INTEGRACIÓN
A-145	ASOCIACIÓN XARELA (FORMACIÓN-ANIMACIÓN)
A-146	COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESEVOLVEMENTO
A-147	ASIDH ASOC. SALUD INTEGRAL Y EL DESARROLLO HUMANO
A-148	A . C . INTERRURIS
A-149	SINERXIA, ONGD
A-150	FUNDACIÓN MADRESELVA
A-151	ASOCIACIÓN TENA
A-152	EMAUS FUNDACION SOCIAL
A-153	RADIO ECCA FUNDACION CANARIA
A-154	ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL ATAMÁN
A-155	AEXPA

## ANEXO II

### ENQUISA SOBRE O USO DO GALEGO NAS ONGD

[Nos cadros onde non se indique **si/non** ou un **número** para marcar, abonda con indicar un **X** no lugar correspondente]

#### I. CARACTERÍSTICAS DA ONGD

1. Nome da ONGD:
2. Concello onde está situada:
3. (País)-Comunidade-Cidade da sede central:
4. Ámbito de desenvolvemento e actuación (proxectos xerais dos que se ocupa):

#### II. ENQUISA SOCIOLINGÜÍSTICA

1. ¿Que idioma utiliza habitualmente nas súas actividades?

1	Só galego	
2	Máis galego ca castelán	
3	Máis castelán ca galego	
4	Só castelán	
5	Outras linguas (indique cales):	

2. ¿Cal é a lingua predominante entre o seu persoal?

1	Só galego	
2	Máis galego ca castelán	
3	Máis castelán ca galego	
4	Só castelán	

3. ¿Que idioma utiliza nas súas actividades? [1. Só galego. 2. Máis galego ca castelán. 3. Máis castelán ca galego. 4. Só castelán. 5. As dúas] (Indique o número a continuación do parágrafo correspondente).

a	Conferencias	
b	Seminarios	
c	Ámbito de traballo interno (relacións laborais e persoais)	
d	Comunicacións con colaboradores ou asociados	
e	Relacións con outras ONGs	
f	Relacións con outras entidades públicas e privadas	
g	Proxectos	
h	Exposicións	
i	Cursos	
k	Charlas	
l	Unidades didácticas	
m	Publicidade	
n	Páxina Web	
ñ	Outras (especifique cales):	

4. ¿En que medida considera importante que o galego sexa a lingua oficial das ONGD en Galicia?

1	Moi importante	
2	Importante	
3	Pouco importante	
4	Nada importante	

5. ¿A diversidade e a tolerancia lingüística forman parte dos principios ou das bases fundacionais da súa ONGD?

1	Si	
2	Non	
3	Non sabe/non contesta	

6. ¿Cre que o uso da lingua galega é interesante para o desenvolvemento do seu traballo en Galicia?

1	Sempre	
2	Ás veces	
3	Nunca	
4	Non sabe/non contesta	

7. ¿Que importancia ten a planificación lingüística na súa ONG? (Puntúe de **1** a **5**, onde o **1** significa que Vde. considera que ten pouca importancia e **5** que considera que ten moita importancia).

Importancia	
-------------	--

8. ¿Posúe algún tipo de asesoramento lingüístico? (Se a resposta fose Si, especifique de que tipo).

1	Si	
2	Non	

9. ¿Que idioma considera máis útil para realizar o seu traballo: o galego ou o castelán? ¿Por que?

1	O galego	
2	O castelán	
3	Os dous	
4	Non sabe/non contesta Outros	

## 6. BIBLIOGRAFÍA

Coordinadora Galega de ONGs para o Desenvolvemento (2007). *Informe cero do sector das ONGDs en Galicia*. Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGs para o Desenvolvemento.

*Guía de ONGs de Galicia 2007-2008*. Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGs para o Desenvolvemento.

Dirección Xeral de Cooperación Exterior. Consellería da Presidencia (xullo de 2007). *Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento*. Base de datos Excel facilitada por correo electrónico.